

## Conselleiro

A CIG-Ensino vén de presentar un recurso potestativo de reposición contra a limitación temporal no recoñecemento como PES do profesorado que aprobou as oposicións de PTFP no ano 2021.

A norma agora recorrida indica que o recoñecemento será con efectos da incorporación ao corpo de PTFP; isto é, desde setembro de 2022 e non desde setembro de 2021, data na que unha vez superado o proceso selectivo, comezaron a traballar como docentes de FP nos centros públicos galegos.

Para a CIG-Ensino estamos diante dunha vulneración do principio de igualdade, ao tratar dun xeito diferente a profesorado cos mesmos requisitos de titulación e desempeñando o mesmo traballo, uns como funcionariado de carreira e outros como funcionariado en prácticas. O recoñecemento con carácter retroactivo que fixa o RD de integración e norma galega non pode facer distincións nesa retroactividade en función da situación administrativa do profesorado con dereito a se integrar no corpo de PES.

A presentación deste recurso na vía administrativa será a antesala á presentación dun contencioso administrativo, no caso de que desde a Consellaría que dirixe non se opte pola aceptación da nosa demanda e a modificación da norma ou por pactar o recoñecemento deses dereitos retributivos sen alterar a orde, algo do que xa nos amosamos partidarios cando o texto pasou pola Mesa Sectorial.

O motivo deste escrito é convidalo a reflexionar sobre as inxustizas que a aplicación do proceso de integración vai provocar non só neste colectivo senón noutros, ao non se teren tomado en consideración varias das propostas que como sindicato lle formulamos ao Ministerio de Educación.


Recoñecendo que o problema se orixina en Madrid, non é menos certo que é o seu departamento o que ten agora toda a capacidade legal para reverter algún dos efectos dun proceso que, por outra parte, dá resposta a unha demanda histórica do profesorado de FP mais que o fai dun xeito totalmente incompleto.

Como sindicato buscaremos, polas vías que sexan precisas, que todos os colectivos que quedan atrás teñan cumprida resposta ás súas demandas de ter un mesmo salario polo mesmo traballo.

A vostede, como responsábel de Educación, correspóndelle evitar a xudicialización destes conflitos, comezando agora polo do profesorado que aprobou no 2021. É de xustiza facelo. O profesorado afectado, e nós como sindicato, agardamos altura de miras e que transforme as súas críticas ao goberno central nun compromiso de equiparación salarial con quen quede a extinguir no corpo de PTFP así como polo recoñecemento retroactivo dos efectos económicos como corpo de PES do profesorado interino e destes compañeiros e compañeiras que superaron o proceso selectivo de 2021.

Agardando que dea ese paso, reciba un cordial saúdo.

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2022

A handwritten signature in black ink, consisting of stylized, cursive letters that appear to be 'XBG' followed by a horizontal line and a period.

Xesús Bermello García  
Secretario Nacional CIG-Ensino